

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 25 DE XUÑO DE 2015**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 13:35 horas do 25 de xuño de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

Dna. Margarida Pizcueta Barreiro  
D. Aurentino Alonso Araujo  
Dna. María Irene Dacal Feijóo  
D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana  
Dna. Diana Urdangaray Díaz  
D. Miguel Neira Ojea  
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez  
D. Jesús Jares Almeida  
Dna. Alicia Álvarez Fernández  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
Dna. Sabina Aguado García  
Dna. Nieves Rodríguez Voces  
D. Enrique Pérez Roca  
D. Antonio Melo García  
D. Félix García Yáñez

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º Aprobación da acta da sesión constitutiva.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión constitutiva celebrada polo Pleno o día 13 de xuño de 2015 e non formulándose ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes na sesión.

## **2º Fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno**

O sr Alcalde dá lectura da proposta presentada que literalmente di:

“Asunto: fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015.

O artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que o Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello do Barco de Valdeorras celebraranse mensualmente, agás no mes de agosto que non se celebrará sesión ordinaria.

As sesións ordinarias celebraranse, en primeira convocatoria, os primeiros xoves de cada mes ás 19:00 horas, agás no mes de xaneiro que se celebrarán o xoves da semana seguinte á semana na que coincida o día de Reis e no mes de xullo de 2015 que se celebrará o segundo xoves do mes ás 19:00 horas. ”

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello do Barco de Valdeorras celebraranse mensualmente, agás no mes de agosto que non se celebrará sesión ordinaria.**

**As sesións ordinarias celebraranse, en primeira convocatoria, os primeiros xoves de cada mes ás 19:00 horas, agás no mes de xaneiro que se celebrarán o xoves da semana seguinte á semana na que coincida o día de Reis e no mes de xullo de 2015 que se celebrará o segundo xoves do mes ás 19:00 horas.**

### **3º Proposta da Alcaldía para a determinación da denominación, composición e periodicidade das sesión ordinarias das Comisións Informativas permanentes.**

Di o sr. Alcalde que o grupo de Goberno propón manter a estrutura das comisións que se tiña ata agora, pois entenden que están relacionadas por ámbitos e por temas. Di que hai unha proposta do PP pedindo que en vez de sete se reduzan a cinco as comisións, pero que o grupo de Goberno entende que nas comisións faise a verdadeira política e nelas interveñen todos os membros da Comisión, como así se fixo sempre, que non sería lóxico a redución do número de comisións e dos membros das mesmas porque non se mantería a proporcionalidade do resultado electoral e sobre todo, que canta máis xente interveña e participe os acordos serán máis enriquecedores. O sr. Alcalde dá lectura á proposta presentada que literalmente di:

“Asunto: Creación das comisións informativas permanentes

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015.

O artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que as comisións informativas deberán existir nos concellos de máis de 5000 habitantes necesariamente e que lle corresponde ó Pleno determinar ó seu número e denominación, a proposta da Alcaldía.

Logo de ver os 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tendo en conta que cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos municipais representados na Corporación.

Logo de ver que a Comisión Especial de Contas, órgano necesario, poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade.

Logo de ver todo o que antecede, proponho que o Pleno da Corporación acorde:

1º Crear sete Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

I Comisión Especial de Contas, que terá as competencias previstas no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e ademais funcionará como comisión informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Promoción Económica

II Comisión informativa de Obras, Medio Rural e Cemiterio e Parques e Xardíns.

III Comisión informativa de Medio Ambiente e Servizos.

IV Comisión informativa de Cultura, Educación e Turismo.

V Comisión informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.

VI Comisión informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá.

VII Comisión informativa de Deportes, Xuventude e Participación Cidadá.

2º As Comisións informativas terán as competencias que sinala o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril e ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas e materias:

I A Comisión Especial de Contas, sobre os asuntos relacionados artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e as cuestións relativas á Facenda e Patrimonio Local e a Promoción Económica da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento.

II A Comisión informativa de Obras, Medio Rural e Cemiterio e Parques e Xardíns sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento nos seguintes eidos:

No eido do urbanismo a xestión das competencias municipais sobre ordenación do territorio e o urbanismo, cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, xestión urbanística, expropiacións por razóns urbanísticas, redacción de instrumentos de ordenación urbanística, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais e licenzas urbanísticas.

No eido das obras inclúe a preparación e a xestión da planificación das obras municipais.

No eido do medio rural coñecerá das cuestións que singularmente afecten ao medio rural do Concello.

Coñecerá do servizo público de cemiterio.

No ámbito dos parques e xardíns coñecerá de todo o relativo a estes servizos.

Ademais, coñecerá de aqueles asuntos ou materias que non estean expresamente atribuídos a outras comisións informativas.

III A Comisión informativa de Medio Ambiente e Servizos, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos á planificación municipal no eido do medio ambiente e no eido dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e limpeza viaria.

IV A Comisión informativa de Cultura, Educación e Turismo, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos á planificación municipal da cultura, educación e o turismo.

V Comisión informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos aos servizos sociais, a igualdade e a sanidade.

VI Comisión informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos ao persoal municipal, a regulación do tráfico e a seguridade cidadá.

VII Comisión informativa de Deportes, Xuventude e Participación Cidadá, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos ao deporte, a xuventude e a participación cidadá.

En caso de dúbida da Comisión informativa competente para tratar un asunto concreto correspóndelle ao alcalde resolver a dúbida. O alcalde poderá puntualmente subtraer un asunto das Comisións ás que se refiren os apartados III, IV, V, VI e VII para que sexan tratadas na Comisión informativa de Obras, Parques e Xardíns e Medio Rural.

3º As Comisións Informativas estarán compostas por (ademais do alcalde-presidente, membro nato das comisións):

- Cinco (5) representantes do Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE
- Tres (3) representantes do Grupo Municipal do PP
- Un (1) representante do Grupo mixto

4º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria coa seguinte periodicidade:

I Comisión Especial de Contas: periodicidade mensual.

II Comisión informativa de Obras, Parques e Xardíns e Medio Rural: cada quince días, preferentemente os martes.

III As demais Comisións informativas: periodicidade bimensual.

Os días e horas concretas serán fixados polo Presidente da Comisión Informativa, preferentemente en xornada de mañá. Para o caso de non celebrarse a sesión ordinaria coa periodicidade establecida convocarase co carácter de ordinaria a seguinte sesión que se convoque.

5º A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, se realizará mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo designar suplente/s. A notificación da convocatoria realizarase en todo caso aos membros titulares da Comisión.”

Di o sr Alcalde que fai un ano neste salón de Plenos demandouse ao grupo de Goberno que non se convocaban as comisións, que eran imprescindibles e importantísimas para o desenvolvemento do traballo diario, que é certo pero tamén o é que o que o equipo de Goberno non fixo nunca foi convocar unha comisión con dous puntos na orde do día, aprobación da acta e rogos e preguntas, e iso se pediu aquí na pasada lexislatura. Di que a comisión de Contas propónse que sexa mensual porque a case todos os plenos ven algún asunto económico, e que a de Obras, que se celebraba semanalmente, propónse que sexa quincenal porque antes todas as obras aínda que foran menores, estaban suxeitas a licenza municipal e agora coa comunicación previa xa non precisan de licenza municipal. Prosegue dicindo que para evitar o problema de que se non se convoca comisión no bimestre correspondente e que a seguinte teña que ser extraordinaria, xa se di na proposta que nese caso a primeira que se convoque terá carácter ordinario, e o motivo de propoñer iso é que as comisións extraordinarias non teñen o apartado de “rogos e preguntas”, aínda que na pasada lexislatura sempre se poñía ese apartado.

Concédeselle a palabra ao sr. Moldes Gómez, voceiro do PP, que fai uso dela para dar, en primeiro lugar, a benvinda ás novas concelleiras e aos novos concelleiros, e despois di que PP segue manténdose na proposta que

presentaron relativa ao número e integrantes das comisións, dando lectura á mesma, que di literalmente:

“Primero.- Cada Comisión Informativa estará formada por 7 Concelleiros -4 PSOE, 2 PP y 1 Riada-

Segundo: Las comisiones informativas serán:

- 1.- Comisión de Asuntos Sociales, Personal, Tráfico y Seguridad Ciudadana.
- 2.- Comisión de Educación, Cultura, deportes y Juventud.
- 3.- Comisión de Promoción Económica, Hacienda, Industria y Comercio.
- 4.- Obras y Urbanismo.
- 5.- Medio Ambiente, Desarrollo Rural y Turismo.

Tercero: La Junta de Gobierno Local estará integrada por 4 concelleiros/as más el Alcalde.

De esta manera consideramos una mayor operatividad de las comisiones además de un ahorro a las arcas municipales de unos 12.000 euros anuales, 48.000 euros en cuatro años.”

Di o sr. Moldes que en relación coa proposta da Alcaldía de celebrar a comisión de Obras quincenalmente en vez de semanalmente, xa o propuxera o seu Grupo na anterior lexislatura.

Concédeselle a palabra ao concelleiro de Riada Cidadá, sr. García Yáñez, quen fai uso dela para dicir que non ten ningún problema en aceptar a proposta do Grupo Municipal do PSOE en relación ás comisións informativas, porque si se ten experiencia poden ser operativas, pero quere que se teña en conta que como o seu partido ten un só representante e queren estar en todas as comisións, que non se solapen na hora nin no día cando se convoquen. Di o concelleiro que en relación co aforro o seu Grupo ten unha proposta que expoñerá no punto número 7 da orde do día.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que as comisións de obras non se convocaban porque non había asuntos que tratar, e había consenso entre os membros da comisión de facelo así, e que por ese motivo, por non haber asuntos que tratar, é polo que agora se propón a súa celebración quincenal. Di que as comisións informativas serán interesantes na medida que haxa debate, que facer debate consiste en facer propostas, que en relación coa convocatoria das comisións, a Lei é clara, sempre haberá que dar facilidades para que os membros da Corporación poidan asistir ás mesmas, non poñer trabas, e que pensa que a hora fixada, as 13:30 horas, é unha hora boa para a asistencia ás comisións.

Rematado o debate procédese á votación ordinaria da emenda presentada polo P.P., resultando rexeitada por dez votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida e Álvarez Fernández) seis a favor (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García) e unha abstención (do sr García Yáñez).

Sometida a votación a proposta da Alcaldía presentada para a determinación da denominación, composición e periodicidade das sesións ordinarias das Comisións Informativas permanentes, o Pleno acorda, en votación ordinaria, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida e Álvarez Fernández) seis en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García) e unha abstención (do sr García Yáñez):

**1º Crear sete Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:**

**I Comisión Especial de Contas, que terá as competencias previstas no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e ademais funcionará como comisión informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Promoción Económica**

**II Comisión informativa de Obras, Medio Rural e Cemiterio e Parques e Xardíns.**

**III Comisión informativa de Medio Ambiente e Servizos.**

**IV Comisión informativa de Cultura, Educación e Turismo.**

**V Comisión informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.**

**VI Comisión informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá.**

**VII Comisión informativa de Deportes, Xuventude e Participación Cidadá.**

**2º As Comisións informativas terán as competencias que sinala o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril e ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas e materias:**

**I A Comisión Especial de Contas, sobre os asuntos relacionados artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e as cuestións relativas á Facenda e Patrimonio Local e a Promoción Económica da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento.**



**II A Comisión informativa de Obras, Medio Rural e Cemiterio e Parques e Xardíns sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento nos seguintes eidos:**

**No eido do urbanismo a xestión das competencias municipais sobre ordenación do territorio e o urbanismo, cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, xestión urbanística, expropiacións por razóns urbanísticas, redacción de instrumentos de ordenación urbanística, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais e licenzas urbanísticas. No eido das obras inclúe a preparación e a xestión da planificación das obras municipais.**

**No eido do medio rural coñecerá das cuestións que singularmente afecten ao medio rural do Concello.**

**Coñecerá do servizo público de cemiterio.**

**No ámbito dos parques e xardíns coñecerá de todo o relativo a estes servizos.**

**Ademais, coñecerá de aqueles asuntos ou materias que non estean expresamente atribuídos a outras comisións informativas.**

**III A Comisión informativa de Medio Ambiente e Servizos, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos á planificación municipal no eido do medio ambiente e no eido dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e limpeza viaria.**

**IV A Comisión informativa de Cultura, Educación e Turismo, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos á planificación municipal da cultura, educación e o turismo.**

**V Comisión informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos aos servizos sociais, a igualdade e a sanidade.**

**VI Comisión informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos ao persoal municipal, a regulación do tráfico e a seguridade cidadá.**

**VII Comisión informativa de Deportes, Xuventude e Participación Cidadá, sobre os asuntos da súa competencia ou se sometan pola**

**Alcaldía ao seu ditame ou coñecemento relativos ao deporte, a xuventude e a participación cidadá.**

**En caso de dúbida da Comisión informativa competente para tratar un asunto concreto correspóndelle ao alcalde resolver a dúbida. O alcalde poderá puntualmente subtraer un asunto das Comisións ás que se refiren os apartados III, IV, V, VI e VII para que sexan tratadas na Comisión informativa de Obras, Parques e Xardíns e Medio Rural.**

**3º As Comisións Informativas estarán compostas por (ademais do alcalde-presidente, membro nato das comisións):**

- Cinco (5) representantes do Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE**
- Tres (3) representantes do Grupo Municipal do PP**
- Un (1) representante do Grupo mixto**

**4º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria coa seguinte periodicidade:**

**I Comisión Especial de Contas: periodicidade mensual.**

**II Comisión informativa de Obras, Parques e Xardíns e Medio Rural: cada quince días, preferentemente os martes.**

**III As demais Comisións informativas: periodicidade bimensual.**

**Os días e horas concretas serán fixados polo Presidente da Comisión Informativa, preferentemente en xornada de mañá. Para o caso de non celebrarse a sesión ordinaria coa periodicidade establecida convocarase co carácter de ordinaria a seguinte sesión que se convoque.**

**5º A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, se realizará mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo designar suplente/s. A notificación da convocatoria realizarase en todo caso aos membros titulares da Comisión.**

**4º Proposta da Alcaldía para a fixación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.**

Di o sr Alcalde que moitas das competencias da Alcaldía, están delegadas na Xunta de Goberno Local, que el entende que a Alcaldía ten a xustas e as demais deben de quedar delegadas na Xunta de Goberno Local. Di o Alcalde que a proposta segue a ser a mesma que a da lexislatura pasada, dando lectura á proposta presentada que literalmente di:

“Asunto: fixación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local

O día 13 de xuño de 2015 constituíse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015.

O artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm.149, de 5 de agosto) establecen que o Pleno establecerá a periodicidade da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local ó inicio de cada mandato corporativo. Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propono que o Pleno adopte o seguinte acordo:

As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 13:00 horas, en primeira convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día que determine a Alcaldía.”

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por once votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández e García Yáñez) e seis en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García), adopta o seguinte acordo:

**As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 13:00 horas, en primeira convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día que determine a Alcaldía.**

**5º Proposta da Alcaldía para a determinación de locais que se poñen a disposición dos Grupo Políticos Municipais.**

Pola Presidencia explícase a proposta presentada que literalmente di:

## “PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio do 2015. Corresponde segundo o artigo 27 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, establecer os locais que o Concello cede para despacho dos Grupos políticos municipais para reunirse de maneira independente e recibir visitas de cidadáns, correspondéndolle ó Presidente ou membro da Corporación responsable do área de réxime interior poñer a disposición dos Grupos a mínima infraestrutura de medios materiais e persoais.

Logo do que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Habilitar tres (3) despachos nas dependencias municipais situadas na segunda planta da Casa Consistorial (Concello Vello), situados segundo se sube polas escaleiras de acceso a man esquerda, destinados a cada un dos grupos políticos representados na Corporación. A distribución dos locais realizase mediante a elección de cada Grupo Político, correspondendo elixir en primeiro lugar ao GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, en segundo lugar ao GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR -GRUPO POPULAR- e en terceiro lugar ao GRUPO MIXTO.”.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, acorda:

**Habilitar tres (3) despachos nas dependencias municipais situadas na segunda planta da Casa Consistorial (Concello Vello), situados segundo se sube polas escaleiras de acceso a man esquerda, destinados a cada un dos grupos políticos representados na Corporación. A distribución dos locais realizase mediante a elección de cada Grupo Político, correspondendo elixir en primeiro lugar ao GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, en segundo lugar ao GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR -GRUPO POPULAR- e en terceiro lugar ao GRUPO MIXTO.”.**

**6º Proposta da Alcaldía para o nomeamento de representantes do Concello en determinados órganos.**

Di o sr. Alcalde que hai unha serie de órganos colexiados, fundamentalmente os colexios, que teñen representación municipal nos consellos escolares polo que procede a súa designación, dando lectura á proposta presentada que literalmente di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Asunto: nomeamento de representantes do Concello en órganos colexiados

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015. Segundo o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) corresponde ao Pleno nomear representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.

Logo do que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**1º Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:**

**- Representantes nos consellos escolares dos centros de ensino público:**

**C.P. Condesa de Fenosa: Dona Diana Urdangaray Díaz.**

**I.E.S. Lauro Olmo: Don Aurentino Alonso Araújo.**

**C.P. Julio Gurrirán: Don María Irene Dacal Feijóo.**

**I.E.S. Martagisela: Dona Margarida Pizcueta Barreiro.**

**C.P. Ramón Otero Pedrayo: Dona Cristina Domínguez Rodríguez.**

**Escola Infantil Municipal: Dona Margarida Pizcueta Barreiro.**

**-Representantes no Consello Escolar Municipal:**

**Presidente: o alcalde**

**Vicepresidenta: Dona Margarida Pizcueta Barreiro.**

**2º Será representante deste Concello nos demais órganos colexiados cuxo nomeamento sexa competencia do Pleno da Corporación o alcalde, o que poderá delegar nun concelleiro.”**

**Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira**

Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida e Álvarez Fernández) e sete abstencións (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca, Melo García e García Yáñez), adopta o seguinte acordo:

1º Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

- Representantes nos consellos escolares dos centros de ensino público:

**C.P. Condesa de Fenosa: Dona Diana Urdangaray Díaz.**

**I.E.S. Lauro Olmo: Don Aurentino Alonso Araújo.**

**C.P. Julio Gurrirán: Don María Irene Dacal Feijóo.**

**I.E.S. Martagisela: Dona Margarida Pizcueta Barreiro.**

**C.P. Ramón Otero Pedrayo: Dona Cristina Domínguez Rodríguez.**

**Escola Infantil Municipal: Dona Margarida Pizcueta Barreiro.**

-Representantes no Consello Escolar Municipal:

**Presidente: o alcalde**

**Vicepresidenta: Dona Margarida Pizcueta Barreiro.**

2º Será representante deste Concello nos demais órganos colexiados cuxo nomeamento sexa competencia do Pleno da Corporación o alcalde, o que poderá delegar nun concelleiro.

7º Proposta da Alcaldía para:

-Determinación de cargos electos que poderán gozar de adicación exclusiva e adicación parcial e as súas retribucións.

-Fixación de indemnización por gastos no exercicio do cargo e por asistencia a órganos colexiados

-Fixación da dotación económica aos grupos políticos

-Determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.

Polo sr Alcalde faise un resumen da proposta presentada e sinala que a única dedicación exclusiva é a do Alcalde que sería exactamente a mesma que viña gozando estes anos anteriores, e que tamén propóñense unha serie de dedicacións parciais establecidas dende fai tempo aos concelleiros delegados que non forman parte da Xunta de Goberno Local. Faise lectura pola Alcaldía da proposta que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións exclusivas ou parciais, réxime de asistencias dos membros da Corporación, fixación das subvencións aos Grupos políticos municipais e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo

O volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza nesta Corporación fan necesarios, para o seu adecuado seguimento e atención específica, que diversos membros do goberno desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou de dedicación parcial.

En efecto, corresponde ao Pleno, a proposta do Presidente, e dentro da consignación global a tal fin contida no orzamento, determinar a relación de cargos da Corporación que poderán desenvolverse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial e, polo tanto, con dereito a retribución así como as contías que correspondan en atención ao seu grado de responsabilidade (art. 75.2 da LRBRL e 13.4 ROF).

Tendo en conta a normativa vixente que prevé límites específicos para o número e as retribucións dos membros en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e a limitación global para todo o conxunto de asignacións dos membros electivos das corporacións locais, esta Alcaldía presenta esta proposta previa valoración da responsabilidade e da dedicación que vai a ser asumida en cadanseus casos.

Asemade, é necesario adoptar medidas que garantan o correcto funcionamento dos grupos políticos para o cumprimento dos seus fins, no marco das posibilidades económicas desta Corporación.

Considerando o disposto nos artigos 73.3 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 23 e seguintes do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, e demais normas concordantes e xerais de aplicación, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobado a fixación das seguintes dedicacións exclusivas e parciais con efectos económicos dende o día seguinte ao do presente acordo, en réxime de xornada completa e xornada parcial, para a Alcaldía e os concelleiros que ostenten as seguintes delegacións, sen que sexa preciso novo acordo da Alcaldía para a determinación dos membros que as ostenten xa que se

asume propio o presente acordo, coas retribucións que de seguido se indican:

- Sr. Alcalde - Presidente, D. Alfredo Laudelino García Rodríguez: dedicación exclusiva (100 % ou xornada completa) retribuída con 2.937,11 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 41.119,54 € brutos anuais.
- Delegado/a dos servizos de obras municipais e parques infantís, actualmente, Don Miguel Neira Ojea: dedicación parcial (25 % da xornada completa) retribuída con 739,81 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 10.357,34 € brutos anuais.
- Delegado/a dos servizos de xardíns municipais, actualmente Dona Cristina Domínguez Rodríguez: dedicación parcial (10 % da xornada completa) retribuída con 322,32 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 4.512,48 € brutos anuais.
- Delegado/a dos servizos de cemiterio municipal e medio rural, actualmente Don Jesús Jares Almeida,; dedicación parcial (10 % da xornada completa) retribuída con 322,32 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 4.512,48 € brutos anuais.
- Delegado/a dos servizos de abastecemento e saneamento, e limpeza e recollida de lixo, actualmente Dona Alicia Álvarez Fernández: dedicación parcial (10 % da xornada completa) retribuída con 322,32 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 4.512,48 € brutos anuais.

A devindicación das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estará suxeita ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con dedicacións exclusivas e parciais.

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que de seguido se indican:



O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.

Non serán indemnizables as sesións constitutivas dos órganos colexiados.

4º A contía das dedicacións exclusivas e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.

5º Para o cumprimento dos seus fins, e con cargo ao orzamento anual de cada exercicio do mandato da Corporación 2015-2019, estableceuse para os grupos políticos municipais unha dotación económica anual que virá determinada de acordo cos seguintes parámetros, e que terá efectos económicos a partir do mes seguinte no que se adopte o correspondente acordo:

O compoñente fixo establécese en 497,44 € por grupo político e o compoñente variable establécese en 204,83 € por cada un dos membros da Corporación que integren o grupo político de que se trate.

Exposto con máis detalle, Dada a asignación para os grupos políticos consignada no Orzamento para 2015, cun importe de 4.974,44 €, os criterios de reparto serán os seguintes:

Distribución do 30 % deste importe en función do número de grupos políticos electos (1.492,33 € entre tres grupos políticos). É dicir, este sería o compoñente fixo da asignación igual para tódolos grupos políticos. En aplicación deste concepto cada grupo percibirá a cantidade de 497,44 €.

Distribución do 70 % deste importe (3.482,11 €) entre o número de concelleiros (17), de forma que cada un deles corresponderíalles a cantidade de 204,83 €, e dada a distribución dos Concelleiros dos partidos políticos do que resultou das derradeiras eleccións municipais, os importes serían os seguintes:

- a) GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE =  $204,83 \text{ €} \times 10 \text{ Concelleiros} = 2.048,30 \text{ €}$
- b) GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR -GRUPO POPULAR- =  $204,83 \text{ €} \times 6 \text{ Concelleiros} = 1.228,98 \text{ €}$
- c) GRUPO MIXTO =  $204,83 \text{ €} \times 1 \text{ Concelleiro} = 204,83 \text{ €}$

En definitiva, os importes a percibir polos tres grupos políticos son os seguintes:

- GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE : 2.545,74 €
- GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR -GRUPO POPULAR-: 1.726,42 €
- GRUPO MIXTO : 702,27 €

Faise unha remisión á Base 36<sup>a</sup> das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2015, reguladora do réxime aplicable ás asignacións aos grupos políticos.

6º Modificar expresamente o punto 5 do subapartado “Dietas y gastos de desplazamiento” recollido no punto 4º. do Orde do día da sesión do Pleno de data 03/04/1992 “Aprobación de la propuesta en materia de dietas, kilometraje e indemnizaciones”, que en adiante terá a seguinte redacción:

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servizo, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servizo, queda fixada en 0,19 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóviles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se o considerase necesario o órgano que designa a comisión e se previra na correspondente orden.

7º Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

8º Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo

da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias aos cargos electos.

9º Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servizo, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc. e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificados coa orde de comisión de servizo emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilítase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificados no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

10º De conformidade co previsto no orzamento municipal vixente establécese que o número de persoal eventual será de un (1). As súas características e retribucións serán:

Nome do posto: secretario/a do alcalde

Funcións atribuídas: de confianza e asesoramento nas que se inclúen, entre outras, as relacións cos medios de comunicación, protocolo e relacións internas entre a Alcaldía e o persoal.

Asimilación: asimíllase ao nivel de responsabilidade que correspondería aos funcionarios do grupo A subgrupo 2, nivel de destino 22.

As súas retribucións brutas anuais serán de 32.000,72 €, desagregado nos seguintes conceptos retributivos de análoga natureza aos dos funcionarios de carreira en aplicación do Acordo Regulador das Condicións do Persoal do Concello:

Salario base: 958,98 euros mensuais (12 pagas mensuais)

Complemento de destino: 509,84 € mensuais (12 pagas mensuais)

Complemento específico: 854,03 € mensuais (12 pagas mensuais e 2 semestrais)

Dúas (2) pagas extraordinarias de xuño e decembro: nas contías e composición establecidas nas leis orzamentos xerais do Estado de cada exercicio orzamentario para os funcionarios do Grupo A subgrupo 2.

11º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril”.

Sinala o sr. Alcalde que en relación co persoal de confianza quere que conste en acta que esta persoa, como calquera traballadora, tería dereito a trienios e xa tería varios, pero que nin os cobrou nunca nin os vai a cobrar é dicir que nunca llos recoñeceron.

Fai uso da palabra o sr. Moldes Gómez, voceiro do Grupo Municipal do P.P., quen lle pregunta á Presidencia si esta proposta, que ten varios asuntos, se vai a poder votar parte por parte ou en conxunto.

En uso da función de asesoramento xurídico a Secretaría, coa autorización da Alcaldía, fai uso da palabra para dicir que a votación será en conxunto porque non hai regulamento orgánico que permita votar por separado os puntos do acordo.

Di o sr. Moldes que o seu Grupo vai a votar en contra pois por unha banda se aumenta unha dedicación parcial con respecto á anterior lexislatura de tres a catro e por outra banda xa que lles parece ben que sexa legal o aumento de 3.000€ nas retribucións do persoal de confianza pero que non lles parece nin razoable nin ético nin politicamente correcto.

Concédeselle a palabra ao sr. García Yáñez que fai uso dela para pedir que polo Presidente se lle aclare, para ter máis información, canto supón o aumento de soldo real da persoa contratada como persoal de confianza.

Contéstalle o sr Alcalde que o aumento real supón 224€ brutos ao mes.

Di o sr. García Yáñez que el ten unha proposta alternativa de conxunto da cal da lectura. Prosegue dicindo que segundo os datos dos que dispón os gastos do persoal político xestor elévanse no seu conxunto, o ano pasado, a 156.000€, sen contar as dietas, que ante esa situación o seu Grupo quere que na actual lexislatura eses gastos se reduzan de maneira importante, co fin de ser comedidos na xestión do diñeiro dos impostos que ante unha situación de crise social responder ás demandas sociais da cidadanía. Propoñen o

aforro con respecto do ano anterior de 114.000€ anuais, os cales poderían ser dedicados a socorrer aos sectores máis desfavorecidos, citando como exemplos os nenos e maiores en situación de marxinación, parados, desafuzamentos, como os das 85 persoas de Valdeorras que van a ser desaloxadas da súa casa, das que o 50% correspóndelle ao Barco. Afirma o sr. García que ese diñeiro aforraríase mantendo soamente a libre dedicación no Concello ao Alcalde cun tope de 30.000€ brutos anuais, que pensa que é a dinámica que se está a recoller en todo o estado, reducir os salarios dos políticos que se dedican á xestión municipal, como se está a facer en Barcelona, A Coruña, Madrid ou incluso o alcalde de Ribadavia que é do PSOE, que esta redución significa un 20% do salario do Alcalde, sen entrar nas dietas, que esas hai que cobralas en base ao traballo. Di que propón suprimir todas as dedicacións exclusivas, quitando a de Obras, que pensan que esa hai que mantela pero reducindo o seu importe, de máis de 10.000€ brutos anuais a 8.000€ anuais brutos, que tamén propón suprimir todos os gastos derivados de asistencia a Plenos, comisións de servizo, comisións informativas e comisión de Goberno, xa que o seu Partido (Riada) pensa que o que se dedica á política é para o servizo público e que o traballo para os veciños non ten que ser compensado por asistencia. Prosegue dicindo o concelleiro que tamén propoñen prescindir do persoal eventual, que si o Alcalde o considera imprescindible pasaría a ser desempeñado por un funcionario ou persoal laboral designado pola Alcaldía. Remata o sr. García Yáñez dicindo que todo iso suporía un aforro, como xa sinalou, de 114.000€ anuais, que nunha lexislatura de catro anos estaría en torno aos 460.000€.

Di o sr. Alcalde que o equipo de Goberno non está de acordo coa proposta do representante de Riada por unha razón moi sinxela, porque cren que o traballo político hai que dignificalo, que agora parece que calquera pode ter un soldo menos os que se dedican á política, que protéstase fronte á reforma laboral que fixo que os soldos dos traballadores baixaran e quereuse que os dos políticos aínda baixen máis, chegando a ser soldos lixo. Di que non lle parece razoable que o 80% dos traballadores do Concello de Barcelona gañen máis que a propia Alcaldesa, coa responsabilidade que ten de tipo moral, penal, política e de todos os tipos en cada unha das decisións que tome, que iso non está disputado con que o anterior alcalde de Barcelona tivera o soldo máis alto do Estado entre os cargos políticos, que hai un termo medio que é precisamente o que ten o Concello do Barco dende sempre, que é absolutamente imposible dedicar un traballador, dos que ten o Concello do Barco, a traballar para a Alcaldía pois hai 22 prazas vacantes que non se poden cubrir porque non o permite a Lei, e por outro lado di que non só é coller o teléfono e pasarllo ao Alcalde senón que ten que ser unha persoa que reúna unha serie de característica especiais, que saiba manter a

confidencialidade das moitas xestións que se fan que non son trasladadas á opinión pública porque ás veces non chegan a nada, que tamén quere sinalar que máis da metade do tempo do traballo desa persoa dedícao a traballar para o Concello en tarefas administrativas e botar unha man nos diferentes departamentos porque hai pouco persoal, que parece que se quere transmitir á poboación que aquí vimos a gañar cartos e hai que ter en conta que hai concelleiros que dedican 3 ou 4 horas todos os días a traballar polos veciños, e cobran unha dedicación parcial de 322 euros brutos ao mes, que en calquera caso tamén quere que se saiba que o Alcalde non só cobra 4.000€ menos do que lle correspondería senón que, por ser funcionario en servizos especiais para dedicarse ao cargo público, tería dereito a que a Administración na que presta os servizos lle pague os trienios, e ten 39 anos de servizo, e este Alcalde nunca fixo uso desa prerrogativa que tiña nin o vai a facer. Remata dicindo o sr. Alcalde que el entende que o soldo que tiña aprobado no seu día este Pleno era o soldo do Alcalde do Barco, independentemente das circunstancias persoais del e fora quen fora, que parece que agora se está nesa feira das vaidades para ver quen se dedica á política gañando menos.

Di o sr García que os 45.000 eran o tope que podería cobrar o sr. Alcalde e que eles fan unha proposta no medio que para un Concello duns 14.000 habitantes pensan que está ben pagado. Di que segue a pensar que o importante é reducir o diñeiro dedicado aos políticos xestores do Concello e dedicalo ás prácticas de benestar social, que segundo está a situación política é descarado que cobre 40.000€ ó ano un político nun pobo como O Barco. Di o concelleiro que simplemente é un mecanismo de ser máis responsables e dicirlle á xente que a política hai que facela pero como un servizo público non como un interese crematístico, aínda que pensa que o Alcalde do Barco fixo un bo papel no Concello pero que nese sentido está sobrevalorado o seu traballo. Di que con respecto a libre designación dálle a impresión, pola intervención do Alcalde, de que hai unha desconfianza terrible cara aos funcionarios ou cara ao persoal laboral, que non teñen confianza neles para que sexan discretos e que el cre que os funcionarios e o persoal laboral é un colectivo bastante amplo e sempre se pode atopar a alguén que reúna as suficientes garantías de profesionalidade e confidencialidade, que el ten máis fe nun funcionario ou nun persoal laboral fixo que non nunha persoa que se escolle a dedo, aínda que pensa que o Alcalde escolle ben á xente.

Di o sr. Alcalde que cando el chegou ao Concello tiña unha secretaria e despois por motivos de que se resentira o traballo nun departamento puxo outra e que ó final hai moitas cousas que necesitan unha dedicación, que no

Concello claro que hai xente que podería facer ese traballo pero quedaría o seu posto baleiro e non se pode cubrir e iso non suporía ningún aforro porque ese traballador que pasa para a secretaría da Alcaldía tería que substituílo por outro, pois xa hai menos traballadores que cando chegou el ao Concello fai 16 anos e se fai bastante máis traballo agora. Remata dicindo que estase a falar de medidas cosméticas non de aforro real.

Di o sr. García Yáñez que lle causa estrañeza que, en relación coa persoa de confianza, sexa a única persoa do Concello que vai a ter unha subida salarial posto que 300€ mensuais supoñen unha subida aproximadamente dun 15% sobre o seu salario, sobre todo cando os funcionarios e o persoal laboral das administracións públicas teñen o salario conxelado dende fai catro anos.

Di o Alcalde que aínda que fora oral, a proposta do representante de Riada considérase como emenda polo que se vai a proceder a súa votación.

Procédese á votación da emenda presentada polo representante de Riada, sendo rexeitada por dez votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida e Álvarez Fernández), un a favor (do sr García Yáñez) e seis abstencións (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García).

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida e Álvarez Fernández) e sete en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca, Melo García e García Yáñez), adopta o seguinte acordo:

**1º Aprobar a fixación das seguintes dedicacións exclusivas e parciais con efectos económicos dende o día seguinte ao do presente acordo, en réxime de xornada completa e xornada parcial, para a Alcaldía e os concelleiros que ostenten as seguintes delegacións, sen que sexa preciso novo acordo da Alcaldía para a determinación dos membros que as ostenten xa que se asume propio o presente acordo, coas retribucións que de seguido se indican:**

- **Sr. Alcalde - Presidente, D. Alfredo Laudelino García Rodríguez:** dedicación exclusiva (100 % ou xornada completa) retribuída con 2.937,11 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 41.119,54 € brutos anuais.
- **Delegado/a dos servizos de obras municipais e parques infantís, actualmente, Don Miguel Neira Ojea:** dedicación parcial (25 % da xornada completa) retribuída con 739,81 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 10.357,34 € brutos anuais.
- **Delegado/a dos servizos de xardíns municipais, actualmente Dona Cristina Domínguez Rodríguez:** dedicación parcial (10 % da xornada completa) retribuída con 322,32 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 4.512,48 € brutos anuais.
- **Delegado/a dos servizos de cemiterio municipal e medio rural, actualmente Don Jesús Jares Almeida,:** dedicación parcial (10 % da xornada completa) retribuída con 322,32 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 4.512,48 € brutos anuais.
- **Delegado/a dos servizos de abastecemento e saneamento, e limpeza e recollida de lixo, actualmente Dona Alicia Álvarez Fernández:** dedicación parcial (10 % da xornada completa) retribuída con 322,32 € brutos mensuais en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e de decembro), cun total de 4.512,48 € brutos anuais.

A devindicación das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estará suxeita ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con dedicacións exclusivas e parciais.

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que de seguido se indican:

O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.



**Non serán indemnizables as sesións constitutivas dos órganos colexiados.**

**4º A contía das dedicacións exclusivas e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.**

**5º Para o cumprimento dos seus fins, e con cargo ao orzamento anual de cada exercicio do mandato da Corporación 2015-2019, establececese para os grupos políticos municipais unha dotación económica anual que virá determinada de acordo cos seguintes parámetros, e que terá efectos económicos a partires do mes seguinte no que se adopte o correspondente acordo:**

**O compoñente fixo establécese en 497,44 € por grupo político e o compoñente variable establécese en 204,83 € por cada un dos membros da Corporación que integren o grupo político de que se trate.**

**Exposto con máis detalle, Dada a asignación para os grupos políticos consignada no Orzamento para 2015, cun importe de 4.974,44 €, os criterios de reparto serán os seguintes:**

**Distribución do 30 % deste importe en función do número de grupos políticos electos (1.492,33 € entre tres grupos políticos). É dicir, este sería o compoñente fixo da asignación igual para tódolos grupos políticos. En aplicación deste concepto cada grupo percibirá a cantidade de 497,44 €.**

**Distribución do 70 % deste importe (3.482,11 €) entre o número de concelleiros (17), de forma que cada un deles corresponderíalles a cantidade de 204,83 €, e dada a distribución dos Concelleiros dos partidos políticos do que resultou das derradeiras eleccións municipais, os importes serían os seguintes:**

- a) GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE = 204,83 € x 10 Concelleiros = 2.048,30 €**
- b) GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR -GRUPO POPULAR- = 204,83 € x 6 Concelleiros = 1.228,98 €**
- c) GRUPO MIXTO = 204,83 € x 1 Concelleiro = 204,83 €**

En definitiva, os importes a percibir polos tres grupos políticos son os seguintes:

- GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE : 2.545,74 €
- GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR -GRUPO POPULAR-: 1.726,42 €
- GRUPO MIXTO : 702,27 €

Faise unha remisión á Base 36ª das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2015, reguladora do réxime aplicable ás asignacións aos grupos políticos.

6º Modificar expresamente o punto 5 do subapartado “Dietas y gastos de desplazamiento” recollido no punto 4º. do Orde do día da sesión do Pleno de data 03/04/1992 “Aprobación de la propuesta en materia de dietas, kilometraje e indemnizaciones”, que en adiante terá a seguinte redacción:

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servizo, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servizo, queda fixada en 0,19 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóviles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se o considerase necesario o órgano que designa a comisión e se previra na correspondente orden.

7º Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

8º Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias aos cargos electos.

**9º Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.**

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servizo, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc. e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificados coa orde de comisión de servizo emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilitase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificados no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

10º De conformidade co previsto no orzamento municipal vixente establécese que o número de persoal eventual será de un (1). As súas características e retribucións serán:

**Nome do posto: secretario/a do alcalde**

**Funcións atribuídas:** de confianza e asesoramento nas que se inclúen, entre outras, as relacións cos medios de comunicación, protocolo e relacións internas entre a Alcaldía e o persoal.

**Asimilación:** asimílase ao nivel de responsabilidade que correspondería aos funcionarios do grupo A subgrupo 2, nivel de destino 22.

As súas retribucións brutas anuais serán de 32.000,72 €, desagregado nos seguintes conceptos retributivos de análoga natureza aos dos funcionarios de carreira en aplicación do Acordo Regulador das Condicións do Persoal do Concello:

**Salario base: 958,98 euros mensuais (12 pagas mensuais)**  
**Complemento de destino: 509,84 € mensuais (12 pagas mensuais)**  
**Complemento específico: 854,03 € mensuais (12 pagas mensuais e 2 semestrais)**

**Dúas (2) pagas extraordinarias de xuño e decembro: nas contías e composición establecidas nas leis orzamentos xerais do Estado de cada exercicio orzamentario para os funcionarios do Grupo A subgrupo 2.**

**11º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.**

**8º Posta en coñecemento do Pleno da Corporación das seguintes resolucións da Alcaldía relativas a:**

- Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.**
- Nomeamento de Tenentes de Alcalde.**
- Delegacións da Alcaldía xa Xunta de Goberno Local.**
- Delegacións da Alcaldía en concelleiros.**

Di o sr Alcalde que toda a documentación das resolucións contidas neste punto da Orde do día, obra en poder de todos os membros da Corporación polo que non procede darlle lectura. As resolucións copiadas literalmente son as seguintes:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE NOMEAN OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS**

**Feitos**

**1 O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións celebradas o 24 de maio de 2015.**

**Consideracións legais e técnicas**

**1 Os artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establecen que a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario nos Concellos de máis de 5.000 habitantes e que se integrará polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido os artigos 59.2 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de**

**Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) e o artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).**

**2 Logo de ver os artigos 46, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establecen, entre outras consideracións, que os nomeamentos e os ceses dos membros da Xunta de Goberno Local levaranse a cabo mediante resolución do alcalde e que o número de concelleiros ós que o alcalde pode nomear membros da Xunta de Goberno Local, non poderá ser superior ó tercio do número legal de membros da Corporación descartando os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.**

**Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:**

**1º Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras ós seguintes concelleiros e concelleiras: D<sup>a</sup> Margarida Pizcueta Barreiro, D. Aurentino Alonso Araujo, D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijóo, D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana e D<sup>a</sup> Diana Urdangaray Díaz.**

**2º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordenar a publicación deste nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e dar conta dela ó pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, sendo efectiva dende o día seguinte da sinatura desta resolución.**

**O Barco, 15 de xuño de 2015**

**O alcalde-presidente**

**Alfredo L.García Rodríguez**

**D.M.**

**O secretario**

**Jesús Tallón García.”**

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE NOMEA TENENTES DE ALCALDE DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS**

**Feitos**

**1 O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións celebradas o 24 de maio de 2015.**

### **Consideracións legais e técnicas**

**1 Os artigos 20.1 a) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establecen que a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario nos Concellos de máis de 5.000 habitantes e que se integrará polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido os artigos 59.2 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) e o artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.**

**2 Logo de ver os artigos 35.2, 46, 47 e 48 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establecen, entre outras consideracións que os nomeamentos e os ceses de tenentes de alcalde levaranse a cabo mediante resolución do alcalde e que o seu número non poderá exceder do número de membros da Xunta de Goberno Local descartando os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.**

**3 Mediante Resolución da Alcaldía de 15 de xuño de 2015 acordouse nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras ós seguintes concelleiros e concelleiras: D<sup>a</sup> Margarida Pizcueta Barreiro, D. Aurentino Alonso Araujo, D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo, D. Orlando Luis A. Saavedra Cantillana e D<sup>a</sup> Diana Urdangaray Díaz.**

**Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída á Alcaldía polo artigo 21.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, resolvo:**

**1º Nomear Tenentes de alcalde, pola orde que de seguido se indica, ós/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:**

- 1. 1º Tenente de alcalde: D. Aurentino Alonso Araujo**
- 2. 2ª Tenente de alcalde: Dona Margarida Pizcueta Barreiro**
- 3. 3º Tenente de alcalde: Dona María Irene Dacal Feijóo**
- 4. 4º Tenente de alcalde: D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana**
- 5. 5ª Tenente de alcalde: Dona Diana Urdangaray Díaz**

**2º Corresponde ós nomeados substituír ao alcalde, pola orde sinala, nos casos legalmente establecidos.**

**3º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordenar a publicación deste nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e dar conta dela ó pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, sendo efectiva dende o día seguinte da sinatura desta resolución.**

**O Barco, 15 de xuño de 2015**

**O alcalde-presidente**

**Alfredo L. García Rodríguez**

**D.M.**

**O secretario**

**Jesús Tallón García”**

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE DELEGAN  
COMPETENCIAS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO  
LOCAL**

**Feitos**

**1 O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións celebradas o 25 de maio de 2015.**

**Consideracións legais e técnicas**

**1 Por resolución de 15 de maio de 2015, nomeáronse como membros da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras ós seguintes concelleiros e concelleiras: D<sup>a</sup> Margarida Pizcueta Barreiro, D. Aurentino Alonso Araujo, D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijóo, D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana e D<sup>a</sup> Diana Urdangaray Díaz.**

**2 O artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedido do persoal laboral, e as enunciadas nos parágrafos a, e, j, k, l e m do apartado 1 deste artigo. O artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril establece que á Xunta de Goberno Local lle corresponde a asistencia ó alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis, aínda que a competencia do parágrafo j pode ser delegada na Xunta de Goberno Local. Similar redacción atópase nos artigos 61 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).**

**3 Logo de ver os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).**

**Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:**

**1º Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me atribúe a lexislación vixente:**

**a) Concesión de toda clase de licenzas de obra e instalación, as licenzas de primeira ocupación e as licenzas de apertura de establecementos e actividades.**

**b) A concesión de autorizacións para a utilización privativa especial de bens de dominio público.**

**c) A aprobación dos expedientes de contratación dos contratos que non sigan o procedemento de contratación menor e a aprobación dos expedientes para a adxudicación de concesións de toda clase, incluída a adquisición de bens e dereitos, cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente, así como a modificación, resolución e imposición de penalidades por incumprimentos contractuais nos referidos expedientes de contratación e adquisición.**

**d) O alleamento de bens e dereitos do patrimonio municipal cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente e o seu valor, excluído o I.V.E., supere os 18.000 euros.**

**e) A aprobación da oferta de emprego público de acordo co presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal funcionario de carreira e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.**

**f) A declaración de situacións administrativas do persoal ó servizo da Corporación.**

**g) A análise, estudo e posterior acordo ou informe, segundo proceda, dos escritos e comunicacións de outras entidades ou organismos que requiran un acto administrativo resolutorio, de coñecemento ou de informe polo Concello, sen prexuízo de que, por razóns de urxencia, a Alcaldía realice estas actuacións dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento. Inclúese aquí a solicitude de subvencións a outras Administracións Públicas.**



- h) Concesión ou transmisión de licenzas de taxi.**
  - i) A concesión de subvencións.**
  - j) Recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todas as facturas dentro dos límites que competan ó alcalde agás nóminas de persoal, seguros sociais e tributos.**
  - k) A devolución ou incautación de garantías e avais e conceptos non presupostarios.**
  - l) A xustificación e aprobación das contas de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa.**
  - m) Aprobación de asistencias aos órganos colexiados e asignacións aos grupos políticos municipais.**
  - n) A concesión de exencións e bonificacións tributarias. A compensación voluntaria e executiva de créditos.**
  - ñ) A devolución de ingresos. A anulación de ingresos e obrigacións.**
  - o) A aprobación das liquidacións e padróns fiscais.**
  - p) A aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento urbanístico e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.**
- 2º Ordenar a publicación das delegacións realizadas no B.O.P. de Ourense e dar conta delas ó Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.**

**O Barco, 15 de xuño de 2015**

**O alcalde-presidente**

**Alfredo L.García Rodríguez**

**D.M.**

**O secretario**

**Jesús Tallón García.”**

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE DELEGAN  
COMPETENCIAS ÓS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO  
LOCAL E A OUTROS CONCELEIROS**

**Feitos**

**1 O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións celebradas o 25 de maio de 2015.**

#### **Consideracións legais e técnicas**

**1 Por resolución de 15 de maio de 2015, nomeáronse como membros da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras ós seguintes concelleiros e concelleiras: D<sup>a</sup> Margarida Pizcueta Barreiro, D. Aurentino Alonso Araujo, D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijóo, D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana, D<sup>a</sup> Diana Urdangaray Díaz.**

**2 O artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas das súas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro. Similar redacción atópase no artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).**

**3 Logo de ver os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).**

**Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:**

**1º Efectuar a favor dos señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan:**

**I Delégase a Área de Cultura e Educación a Dona Margarida Pizcueta Barreiro.**

**II Delégaselle a Área de Deporte, Xuventude e Participación Cidadá a Don Aurentino Alonso Araujo.**

**III Delégaselle a Área de Promoción Económica, Turismo, Comercio e Consumo a Dona María Irene Dacal Feijóo.**

**IV Delégaselle a Área de servizos sociais, igualdade e sanidade a Don Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana.**

**V Delégase a Área de Medio Ambiente a Dona Diana Urdangaray Díaz.**

**2º As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaráanse ó seguinte réxime xurídico:**

a) Abarcarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

b) A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

c) A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

d) Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

**3º Conferir as seguintes delegacións especiais ós seguintes concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:**

**I Conferir a Don Miguel Neira Ojea a delegación dos servizos de:**

-obras municipais, que comprende o seguimento da execución das obras públicas municipais, tanto as obras realizadas por administración como as obras contratadas.

-parques infantís municipais, que comprende o seguimento do estado e mantemento dos parques infantís do Concello.

**II Conferir a Dona Cristina Domínguez Rodríguez a delegación dos servizos de xardíns municipais, que comprende o seguimento dos traballos realizados polas brigadas municipais así como do coidado, mantemento e mellora dos mesmos.**

**III Conferir a Don Jesús Jares Almeida a delegación dos servizos de:**

-cemiterio municipal, que comprende o seguimento e control do servizo.

-medio rural, que comprende a interlocución cos alcaldes de barrio e veciños dos núcleos rurais de cara a resolución dos problemas específicos así como a proposta de obras e actuacións para a mellora da calidade de vida destes veciños.

**IV Conferir a Alicia Álvarez Fernández a delegación do seguimento, vixilancia e bo funcionamento dos servizos de abastecemento e saneamento así como limpeza e recollida de lixo.**

**4º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos, pero**

**non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.**

**O Concelleiro que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisa-la actuación dos/as Concelleiros/as con delegacións especiais.**

**5º A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de Ourense, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Esta resolución será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante a Alcaldía. Darase conta desta resolución ó Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.**

**O Barco, 15 de xuño de 2015**

**O alcalde-presidente**

**Alfredo L.García Rodríguez**

**D.M.**

**O secretario**

**Jesús Tallón García.”**

**9º Posta en coñecemento da constitución dos tres grupos políticos municipais e nomeamento de voceiros:**

**-Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (escrito de 15/06/2015)**

**-Grupo Mixto (escrito de 16/06/2015)**

**-Grupo Municipal del Partido Popular –Grupo Popular- (escrito de 18/06/2015)**

Di o sr Alcalde que a relación da constitución dos tres grupos políticos municipaisponse en coñecemento por orde de entrada no rexistro xeral do Concello e que son:

- O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que designa como voceiro do Grupo a D. Aurentino Alonso Araujo e como voceiro-suplente a D<sup>a</sup> Margarida Pizcueta Barreiro.
- O Grupo Mixto, integrado polo partido Riada Cidadá, sendo o seu voceiro D. Félix García Yáñez

- O Grupo Municipal del Partido Popular, que nombra como voceiro do Grupo a D. Arsenio Moldes Gómez e como voceiros adxuntos a D. Carlos Javier Crespo Díaz e a D<sup>a</sup> Sabina Aguado García.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 14:22 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez